

**Gonzalo BOUZA-BREY VILLAR**

## **A D E U S**

Pola man esbaróu a tua bágoa,  
Inxel testemuña do teu dór,  
Quedin cego, xordo, soio mágoa  
Acocha o meu ferido corazón.

Sentín medo e máis noxo, sentín nada,  
Tremín co teu friaxe, sudéi co teu quentor,  
Xelo e lume xuntos miña amada,  
Lume e xelo xuntos nese adiós.

Que dixeches naquela mala hora  
Na que xa para sempre che perdin,  
Naquela que tiramos pola borda  
O amor que ti me deches i eu che din,  
Novelo co que estivemos, roda e roda,  
A tecer eu para ti, ti para min.

### **A canle da fonte quedóu seca**

A canle da fonte quedóu seca,  
a derradeira pinga xa esbaróu  
pola aínda onte húmida pedra  
e alí no fondo ela estrombóu  
trocándose en ínfimas estrelas  
que nin lúa nin sol alumeóu  
e nun intre ficaron todas cegas.

Como cegos están hoxe estes meus ollos,  
e secas están as miñas verbas,  
como seco no vrán baixa o arroio  
e secas también as suas ribeiras.

Tal como o meu corazón, seica sen noxo,  
acegóu sen contemplar a tua beleza,  
sen poder disfruitar para o meu gozo  
do teu sorriso henchido de inxeleza.

### **Con gosto a 15-M**

Veño onde ti, hirmán, para decirche  
que o tempo está a cambiar,  
iso se nota,  
xa non todo vai ser como denantes.

É non é de cor azul ista marea,  
 non.  
 Ten árs de libertade e de esperanza,  
 como a frol ó abrir en primaveira,  
 ou o primeiro bico  
 dado ás agachadas  
 ó amor adolescente  
 co que se enceta a nova vida,  
 isa que os que mandan tentan sempre  
 impedir que nos a descubramos  
 e que agromen sementes de esperanza  
 co vento nordés que clarexa a treboada.  
 O tempo cambeará,  
 xa non hai dúbida,  
 a crise estrombóu en crise  
 de norte a sur,  
 de leste a oeste por todo o universo  
 e un canto xuvenil anuncia  
 ó enteiro mundo  
 ista feliz alborada de porvir,  
 de arelas e hirmandade.

Vilaxoán, maio 2011.

### **Non teño por que dar explicacións**

Non teño por que dar explicacións  
 desa querencia  
 que me leva a andar  
 errante  
 polo mundo,  
 transnortado,  
 dubidoso,  
 cun pulso tremecente  
 coma un bimbio  
 que dobra a sua figura  
 diante calquera  
 persona ou circunstancia.

Anceio acadar a rixidez  
 na miña forma  
 e porme ergueito  
 cara ó ceo  
 e frente ó mundo  
 sin deixar de manter  
 ise sorriso  
 que sempre se mostra  
 diante o rostro

arelante dun meniño,  
 ou co agarimo fervente  
 ó pousar nos brazos da amada,

ou coa fonda ledicia  
que se acada  
ó disfrutar da beleza  
sin par da natureza,  
ou ó estreitar a man fraternal  
en amizade.

Ser ó fin eu  
e a miña innata  
dignidade,  
anerga como a terra  
onde fun a vir nacido  
e libre como a madura  
herdanza  
que me entregaches,  
¡pai!,  
co teu ensino.

Vilaxóan, maio 2011.